

REGULACIÓN DO ADIANTO DE OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN PARA TITULACIÓNS ADAPTADAS AO EEES

O alumno de grao e mestrado que non teña pendente máis que a superación de 12 créditos ou de dúas materias das que xa estivese matriculado nalgún ano académico, ademais do TFG ou TFM, para rematar os seus estudos, poderá concorrer a unha oportunidade adiantada de avaliación que se realizará antes da finalización das actividades académicas correspondentes ao 1º cuadrimestre, naquelas datas que se establezan no calendario académico que aprobar o Consello de Goberno.

O alumno que desexe concorrer a esta oportunidade adiantada de avaliación deberá solicitalo coa matrícula ordinaria nos prazos que para esta se estableceren e matricularse de forma obrigatoria en todas as materias que lle resten para finalizar os seus estudos, incluída a matrícula no TFG ou TFM.

Non obstante, habida conta das limitacións establecidas para efectuar a matrícula do TFG ou TFM nos artigos 3.2.9 e 6.6.1.3 da Normativa pola que se regulan as ensinanzas de Grao e Mestrado Universitario na UDC, aprobada pola Consello de Goberno do 27/06/2013, o alumno afectado por estas limitacións poderá efectuar a matrícula no TFG ou no TFM, unha vez que cumpra os requisitos necesarios, tras superar as materias que corresponder, no prazo establecido na Normativa de Xestión Académica para ampliación de matrícula.

O alumno que solicite participar nesta oportunidade adiantada será avaliado de acordo coas condicións que estean sinaladas na guía docente de cada materia, do curso académico inmediatamente anterior.

En ningún caso procederá a matrícula das materias pendentes para presentarse a esta oportunidade adiantada con posterioridade á realización dos exames desta.

Aquel estudante que non supere as probas na oportunidade adiantada de avaliación, ou non se presente a estas, malia telo solicitado, poderá utilizar como segunda oportunidade, ao seu criterio, tan só **unha** das establecidas nese mesmo curso académico: a 1ª oportunidade para materias do 1º cuadrimestre ou do 2º cuadrimestre, nas datas que se estableceren no calendario académico que aprrobe o Consello de Goberno, ou a 2ª oportunidade no mes de xullo.

De maneira transitoria, para o curso académico 2013-2014, os calendarios de exames serán fixados polos centros. *A estes efectos* establécese como período de avaliación para esta oportunidade adiantada, o comprendido entre os días 25 de novembro a 5 de decembro de 2013, ambos os dous incluídos, debendo estar pechadas as actas polos profesores responsables das materias, antes do día 13 de decembro.

Tendo en conta o calendario de avaliacións aprobado polo Consello de Goberno para o curso académico 2013-2014, os responsables das Administracións dos centros e das UXAIS deberán ter recepcionadas as actas antes do día 20 de decembro de 2013, data na que rematan as actividades académicas correspondentes ao primeiro cuadrimestre.


Para o mencionado curso e para levar a cabo este adianto de avaliación, toda vez que os alumnos xa realizaron a súa matrícula para o curso académico 2013-2014, os órganos de goberno das Facultades e Escolas deberán organizar as listaxes



daqueles que opten por presentarse, de forma que as Administracións e as UXAIS teñan as actas dispostas.

As condicións de avaliación da oportunidade adiantada para o curso académico 2013-2014, serán as establecidas para as probas de segunda oportunidade nas respectivas guías docentes do curso académico 2012-2013.

No caso de non estar fixadas, estas condicións quedarán a criterio do profesor responsable da materia.



DILIXENCIA para facer constar que
o/a presente documente
composto de 2 páxinas numeradas e seladas,
foi aprobada polo Consello de Goberno,
na súa sesión de data 24 de setembro de 2013

O SECRETARIO XERAL,

Asco. Carlos Anxos do Couto